



### A SAGA VISITA EN TOLEDO A ANTROPÓLOGA CARMEN ARNAU, O SEU MUSEO ETNOGRÁFICO E O ETNOMUSEO DOS POBOS INDÍXENAS DE SIBERIA

Os pasados 20 e 21 de xullo membros da Sociedade Antropolóxica Galega viaxaron á provincia de Toledo para entrevistarse coa antropóloga Carmen Arnau Muro e poder coñecer de primeira man o seu traballo de investigación e visita-lo seu museo etnográfico e o seu etnomuseo sobre os pobos indíxenas siberianos.

**Carmen Arnau Muro** (Polán, 1949) é licenciada en Xeografía e Historia e licenciada en Antropoloxía. O seu traballo de investigación antropolóxica centrouse no estudo dos pobos indíxenas de Siberia. Con 18 expedicións a Siberia realizadas dende o ano 1997, hoxe en día está considerada como unha das maiores especialistas nestas etnias, no chamanismo siberiano e a primeira antropóloga occidental que conviviu longas tempadas cos pobos da taiga siberiana, sobre todo cos chorses, nas montañas de Choria.

Carmen Arnau, cuxo admirable traballo sempre realizou en solitario e sen ningún tipo de axuda ou financiamento das administracións ou das institucións académicas é, asemade, a fundadora do **ETNOMUSEO DE LOS PUEBLOS INDÍGENAS DE SIBERIA**, na localidade toledana de Las Ventas con Peña Aguilera, e do **MUSEO ETNOGRÁFICO** de Polán. Estes pro-



xectos, realizados ó amparo da súa fundación (**Fundación Carmen Arnau Muro**) e do seu **Centro de Investigación de los Pueblos Indígenas Siberianos**.

O Etnomuseo dos pobos siberianos amosa, á parte dunha interesante colección de obxectos etnográficos destes pobos, varios exemplos dos distintos tipos de construcións tradicionais das etnias destas rexións siberianas.

Por agora, o visitante pode ver unha *yurta* de madeira, unha corte para o gando, unha sauna ou *bania* de troncos, varias *chum* (de coiro e paus) e un *balagan*, vivenda típica de Yakutia.



En canto ó Museo Etnográfico, o visitante poderá gozar dunha importante mostra de traxes tradicionais siberianos, de instrumentos musicais, artesanía indíxena, obxectos de uso doméstico, adobíos persoais e amuletos, obxectos usados polos chamáns, así como dunha interesante exposición fotográfica, material audiovisual e bibliografía especializada nestas comunidades indíxenas.



Como se pode ver, o traballo desinteresado (e totalmente autofinanciado) de Carmen Arnau na súa teima por coñecer e dar a coñecer estes pobos, para así garanti-la supervivencia e respecto das súas culturas tradicionais, é un claro exemplo de como a iniciativa e o traballo individual pode deixar en evidencia a pasividade, inoperancia, falla de sensibilidade e desleixo de funcións de moitas das nosas administracións públicas e institucións académicas e culturais, cuxo motivo de existir é precisamente o fomento e a divulgación da investigación histórica e cultural. Por suposto, as institucións rusas tampou-



co teñen o máis mínimo interese en que se coñezan estes pobos e se conserven e respecten as súas linguas, culturas e tradicións; máis ben ó contrario, e o proceso de colonización cultural e perda de identidade e lingua avanza inexorablemente. Por desgraza, todo indica que os pobos indíxenas non teñen cabida no novo mundo global e capitalista.



A SAGA quiere felicitar publicamente a antropóloga, Carmen Arnau, polo seu tenaz labor a prol da investigación e divulgación da cultura dos pobos indíxenas de Siberia; por iso, queremos pór, dende este boletín, o noso gran de area para axudar a dar a coñece-lo seu traballo e a súa fundación. Tan só nos queda agardar que nun futuro poidamos contar coa súa colaboración e coñecementos para algunha das nosas actividades.

#### **MÁIS INFORMACIÓN:**

***PÁXINA WEB DE CARMEN ARNAU MURO:***  
<http://www.carmenarnaumuro.com>

***PÁXINA WEB DO ETNOMUSEO DOS POBOS INDÍXENAS DE SIBERIA:***  
<http://www.etnomuseosiberia.org/>

***PÁXINA WEB DA FUNDACIÓN CARMEN ARNAU MURO:***  
[www.fundacioncarmenarnau.org](http://www.fundacioncarmenarnau.org)





## MEMBROS DA SAGA COLABORARON NO PROXECTO "A TORRE DOS MOUROS"

O arqueólogo Lukas Santiago e o antropólogo Rafael Quintía, ámbolos dous membros da SAGA, colaboraron no proxecto "A Torre dos Mouros". Asemade, Lukas Santiago formou parte do



equipo técnico de arqueólogos que efectuou este pioneiro proxecto de arqueoloxía social. A escavación arqueolóxica na **Torre dos Mouros** de Lira, no concello de Carnota, foi dirixida polo arqueólogo Antón Malde e o proxecto está coordinado, a nivel de comunicación, polo xornalista Manuel Gago.

O modelo posto en marcha na Torre dos Mouros xira sobre dous eixes directores: a divulgación e a participación. O proxecto da Torre dos Mouros é, xa que logo, unha vangardista aventura arqueolóxica multidisciplinar onde as diferentes dimensións do proxecto se combinan de tal xeito que conforman unha nova proposta de ve-la arqueoloxía; onde a investigación vai da man da divulgación en tempo real, onde as novas tecnoloxías, a potencia do audiovisual e as redes sociais cobran protagonismo como novas xanelas virtuais ó

servizo da divulgación e da posta en valor do noso patrimonio. Un proxecto onde o meticuloso traballo dos arqueólogos se sustenta na colaboración directa dos voluntarios que se converten

en actores e valedores do seu patrimonio; onde a sociedade local se ve imbricada no proxecto e onde a interacción coa xente e a retroalimentación que iso produce son tamén peza clave dos alicerces desta proposta de intervención pioneira no noso país.



*Vista xeral da muralla principal do xacemento da Torre dos Mouros*



*O antropólogo da SAGA Rafael Quintía traballando no xacemento da Torre dos Mouros*



*O arqueólogo da SAGA Lukas Santiago na escavación da Torre dos Mouros*

Vaia dende aquí a nosa noraboa ós organizadores deste proxecto.

Teñen toda a información sobre este proxecto e o seu xacemento na web: <http://torredosmouros.net/>



## A DANZA E A MÚSICA TRADICIONAL GALEGA NA SENSIBLE OLLADA DO PINTOR F. SUTIL



Xuño foi o mes da arte para a Sociedade Antropolóxica Galega. O pintor e restaurador de arte Francisco Sutil —responsable da Área de Arte e Restauración da SAGA— realizou no mes de xuño a exposición "Danzas e foles" na Galería Besada do Grove.

A mostra pictórica, de grande valor etnográfico, amosa a riqueza visual do noso folclore tradicional. Gaiteiros, danzantes ou pandereiteiras, entre outros, descóbreanse na obra de Sutil con toda a vistosidade e a plástica dos seus traxes e adobíos.

## A SAGA ORGANIZA UNHA CONFERENCIA SOBRE PEDRAFITAS

A Sociedade Antropolóxica Galega organizou o pasado 3 de agosto unha conferencia dentro das actividades da Festa da Prehistoria de Mos. O escritor, investigador e colaborador da SAGA, Alberte Alonso Fernández, falou das pedrafitas galegas, dos seus posibles usos e funcións. Alberte Alonso estivo acompañado neste acto, celebrado no Pazo de Mos, polo profesor e realizador da SAGA, João Bieites.



*O investigador Alberte Alonso e o profesor João Bieites durante a conferencia*

Parte desta investigación está incluída no artigo **"As pedrafitas en Galicia. Funcións e xeneralidades: grupos específicos"**, publicado

recentemente en **Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza**.



## PRESENTACIÓN EN SANXENXO DE "FOL DE VELENO. ANUARIO DE ANTROPOLOXÍA E HISTORIA DE GALIZA"

A Sociedade Antropolóxica Galega en colaboración coa Librería Nós de Sanxenxo presentaron o venres, 17 de agosto, o anuario "Fol de Veleno" nun acto celebrado no Hotel Justo.



*De esquerda a dereita: Rafael Quintía (SAGA), Xaime Corral (Librería Nós) e Miguel Losada (SAGA)*





## DESCUBRIMOS UN NOVO PETRÓGLIFO E UNHA MÁMOA NO ESPAZO DE SETE CAMIÑOS



O arqueólogo da SAGA, Lukas Santiago, acaba de descubrir no monte da parroquia de Lourizán unha estación de petróglifos non catalogados e unha nova mámoa que se atoparían dentro do espazo natural dos Sete Camiños. Este descubrimento foi posto en coñecemento do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia quen xa procedeu á súa catalogación.



## A SAGA COLABORA CO SERVIZO DE PATRIMONIO NA CATALOGACIÓN DE CINCO NOVOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

O pasado mes de xullo o arqueólogo da SAGA, Lukas Santiago, e o antropólogo da SAGA, Rafael Quintía, xunto co axente forestal Paulo Troitiño, acompañaron o técnico do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, Víctor Barbi Alonso, na catalogación de cinco novos xacementos arqueolóxicos na provincia de Pontevedra.

Os xacementos catalogados foron:



Petróglifo de Outeiro da Hedra. Parroquia de Lourizán, concello de Pontevedra. (Descuberto por Lukas Santiago)

Mámoa dos Sete Camiños. Parroquia de Lourizán, concello de Pontevedra. (Descuberto por Lukas Santiago)

Petróglifos do Briasco. Parroquia de San Xulián, concello de Marín.

(Descuberto por Paulo Troitiño)

Petróglifo de Pedra Escorregadoiro. Parroquia de Lourizán, concello de Pontevedra. (Descuberto por Rafael Quintía)

Petróglifos da Carballeira do Rei. Parroquia de San Xulián, concello de Marín. (Descuberto por Paulo Troitiño)



## O PROFESOR FRANKOWSKI E AS LAGOAS DE GALICIA ( 1914-1918)

Carlos Víctor Rodríguez Dieguez.

Antropólogo


No ano 1914, a Primeira Guerra Mundial provocou que o antropólogo e arqueólogo polaco Eugeniusz Frankowski ficase confinado na península Ibérica, xunto con outros investigadores que daquela andaban a traballar na tempada de verán do xacemento paleolítico da cova del Castillo en Puente Viesgo, Santander, baixo a dirección do bávaro Hugo Obermaier.

Como consecuencia daquela estadia á forza, Frankowski escribiu dous libros pioneiros da etnografía peninsular: *Horreos y palafitos de la península Ibérica* e *Estelas discoideas de la península Ibérica* que foron rescatados, a prol da memoria antropolóxica, polo profesor Dr. Gómez-Tabanera en colaboración coa viúva de Frankowski, María Frankowska, e publicados no 1986 e 1989, respectivamente, por Ediciones Istmo e J. M. Gómez-Tabanera.

A pesar de que non tiveron gran difusión no resto de Europa, e malia a cativa cantidade de exemplares editada en orixe pola *Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas* (memoria núm.18), estes libros chegaron a ter grande predicamento nos fiadeiros etnolóxicos e arqueolóxicos da primeira metade do século XX xa que por riba da súa calidade anavadora, que abría tallo nun eido pouco prospectado pola historiografía da época, posuía outro atracti-

vo a maiores como era o feito de teren sido concibidas como obras de divulgación científica de alta calidade nos que o uso do método comparativo, tan desvalorado posteriormente, a pluralidade de fontes e a axilidade narrativa dotaban ó resultado dunha capacidade expresiva que o asimilaban co xénero do guión audiovisual.

Foi este factor, a vontade de divulgación ilustrada e de calidade, a decidida opción pola técnica narrativa, a construción de discurso e de novos activos do coñecemento o que fixo destas publicacións algo máis que monografías ó uso, chegando a ser atractivos obxectos de prestixio nos salóns e veladas literarias de marquesados e outras “casas boas”.



A achega de Frankowski ía dirixida cara á contextualización do panorama ibérico dentro da produción cultural europea e, polo tanto, cara á investigación das especificidades ibéricas como especificidades do continente. Foi esta unha tendencia que a historiografía posterior, neste século pasado, non secundou.





Nos dous libros precitados, Frankowski escribe, tamén, sobre Galicia. Como non? En *Horreos y palafitos de la Península ibérica*, tenta recolle-los feitos, mais amosándose sempre consciente de que tales “feitos” son produtos transformados, xeitos de organiza-la información para facela máis fértil dende unha perspectiva cultural concreta. Isto é, os mesmos feitos esixen ser observados dende posicións concretas reclamando pois unha complicidade que pode se-la orixinal esixible ós actores culturais mesmos ou ben á complicidade instrumental. A esta última é á que caracteriza a ollada antropolóxica.



O polígrafo polaco, coa súa capacidade de xestión dos diferentes rexistros, códigos e dimensións simbólicas, tece unha urda continua na cal a visión de conxunto ten propiedades emerxentes fronte á xustaposición analítica e explicativa de categorías de corte aristotélico. O autor configura nesta libro ( tamén no outro ) o rol mesmo do antropólogo como un viaxeiro entre os universos social e cultural.

Así, no apartado adicado os *palafitos fósiles de Galicia* (páx.153), percorre unha serie de lugares lacustres galegos susceptibles de ter dado soporte a poboacións palafíticas tal e como imaxinara o canon das verdades do corpus científico e arqueolóxico do XIX e primeiros do XX .

Viaxamos por Galicia ó lombo de autores como Murguía, na súa obra *Galicia. España, sus monu-*

*mentos y arte, su naturaleza e historia* 1888, pp. 29-40; tamén en *Historia de Galicia I*; J. Villa-Amil e Castro en *Antigüedades prehistóricas y celtas de Galicia*. Lugo 1883; O Licenciado Molina e a súa *Descripción do Reino de Galicia* do 1550; ou Boham: *Historia del reino de Galicia* do XVII e o P. Agustino de la Gándara *El cisne occidental canta las glorias de Galicia*.

Dacabalo das páxinas destes autores Frankowski percorre e recolle, en Galicia, un arquetipo cultural común ó contorno europeo: As cidades asolagadas e, sobre todo, a súa “vida latente” manifesta, por exemplo, no misterioso bruar dun animal na chamada daquela Lagoa de Santa Cristina, “a uns treinta quilómetros ó SSO de Mondoñedo” na que, como recollen Molina e Boham, se escoita bruar<sup>1</sup> como o faría algunha vaca. Tal feito aparece tamén na toponimia da Lagoa de Antela na Limia, Ourense, no lugar da Laga da vaca



*Botaurus stellaris* Linn

Tamén terían aparecido, cada certo tempo, “vigas”, caldeiros e metais variados xunto doutro impedimento, simbólica eminentemente, como mostra o propio Frankowski cando di “ *Quiero indicar solamente que estos datos interesantes pueden servir como pretexto para hacer investigaciones, pero no existe hasta ahora la más leve indicación segura que acredite la existencia en dichos lagos de poblaciones palafíticas. Los hallazgos indicados pudieran muy bien proceder*

<sup>1</sup> O avetouro ou boi, *Botaurus stellaris* Linn. É unha ave da familia das garzas que habita nos humedais europeos e que, efectivamente, brúa dun xeito semellante ós bois ou, cando menos, vacas. Hoxe é raro en Galicia poida que pola desaparición dos humedais mesmos.



*de restos diferentes que no tengan nada que ver con las poblaciones lacustres.”*

Outras lagoas<sup>2</sup> como as de “Reiriz”, Doniños, Carregal, La Riega(Pantín), “Rojal” (Xubia e Neda), A Barcala (Viveiro), Traba (Laxe) ocupan un lugar semellante na tradición galega e europea. Tamén outras áreas da península Ibérica aparecen vencelladas, deste xeito, pola presenza dun programa simbólico e narrativo que o autor pon en relación coas tradicións bretoas, polacas ou alemás, subliñando o feito de que isto acontece “mesmo nos lagos dos que é sabido, de certo, que nunca puideron ter poboacións palafíticas”

Así pois, pódese ler en Frankowski que a cultura inmaterial, por empregar un termo ben estilado hoxe en día, é quen de producir obxectos materiais, feitos que son, sempre, produtos ou consecuencias dunha concreta visión creadora, na orixe, ou recreadora dentro do contexto antropolóxico e arqueolóxico posterior.



*A interface cultural-social. O agregado simbólico produce cultura material*



*A Cidade: O asulagamento é moito mais simbólico, froito da mudanza entre paradigmas ou interfaces culturais, que lacustre*

<sup>2</sup> Pode consultarse tamén o libro de Monteagudo, L. (1957), Galicia legendaria y arqueológica. Problemas de las “ciudades asolagadas”. Centro de estudios de etnología peninsular. Consejo superior de Investigaciones Científicas. Madrid.





## O TRABALLO DA SEGA E A ELABORACIÓN DOS PALLEIROS. NOVO AUDIOVISUAL ETNOGRÁFICO DA SAGA E VAIPOLORIO



A SAGA atópase en plena realización dun novo documental etnográfico sobre a sega e a elaboración dos palleiros. O traballo audiovisual, por iniciativa da asociación cultural e ecoloxista Vaipolorio, corre a cargo da Sociedade Antropolóxica Galega baixo a realización técnica do compañeiro João Bieites.

### 2ª EDICIÓN DO ANUARIO "FOL DE VELENO"

Ante a grande aceptación que está a ter "**Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza**" vímonos na feliz obriga de ter que sacar unha segunda edición desta publicación para poder cubrir e satisfacer a demanda xerada.

A día de hoxe "**Fol de Veleno**" distribúese a través da páxina web e do blog da SAGA e nas seguintes librerías:



| VIGO                     | LIBRERÍA ESCOLMA  | LUGO                 |
|--------------------------|-------------------|----------------------|
| ANDEL DO LIBRO EN GALEGO | LIBRERÍA KAO      | GALERÍA SARGADELOS   |
| LIBROURO                 | SANXENXO          | OURENSE              |
| LIBRERÍA GAMI            | LIBRERÍA NÓS      | LIBRERÍA TORGA       |
| PONTEVEDRA               | A CORUÑA          | LIBRERÍA LA REGIÓN   |
| D-LECTUM                 | O FOGAR DO LECER  | VERÍN                |
| LIBRERÍA PAZ             | SANTIAGO DE       | LIBRERÍA AZ          |
| LIBRERÍA PUEBLO          | COMPOSTELA        | MADRID               |
| LIBRERÍA FOLLAS VERDES   | LIBRERÍA COUCEIRO | ATURUXO TENDA GALEGA |
| LIBRERÍA GREEN           |                   |                      |
| METÁFORA LIBRERÍA        |                   |                      |